



CONVOCATORIA MOBILIDADE PAS DENTRO DO PROGRAMA ERASMUS

PROCEDEMENTO DE SOLICITUDE E CRITERIOS DE SELECCIÓN E ADXUDICACIÓN DAS AXUDAS Á MOBILIDADE DO PERSOAL NON DOCENTE CO FIN DE FORMACIÓN (PROGRAMA LLP: STT STAFF TRAINING)

1 - Definición:

Dita mobilidade fai referencia á mobilidade do persoal non docente co fin de formación. Esta modalidade de mobilidade será obxecto de acordo interinstitucional entre institucións de ensino superior que deberán estar en posesión da Carta Erasmus.

A principal actividade é unha breve estadía na institución socia que pode denominarse de varios xeitos: breves comisións de servizo, observacións de profesionais, visitas de estudo, (seminarios, talleres, cursos, conferencias, etc...).

Estas axudas serán compatibles con calquera outro tipo de bolsas e axudas de natureza pública ou privada.

2 - Obxectivos:

Os obxectivos da devandita mobilidade son:

- Permitir ao persoal non docente das institucións de ensino superior mellorar as aptitudes que require o seu actual posto de traballo a través dun intercambio de experiencias e boas prácticas con institucións ou organizacións doutros países socios.

- Mellorar as habilidades necesarias para o seu traballo mediante a transferencia de coñecementos e adquisición de competencias prácticas.

3 - Duración

A duración das estadias en formación será de 5 días laborais.

O período elixible de realización das estadias en formación comprende ata o 30 de setembro de 2012.

4 - Destinos:

A Universidade de Santiago de Compostela ten concertados acordos coas seguintes institucións de ensino superior:

Código Erasmus	Universidade	Vixencia
I COSENZA01	Università Della Calabria	2007 - 2013
D BAYREUTH01	Universität Bayreuth	2008 - 2013
G KALLITH02	Pantion Panepistimio Kinonikon ke Politicon Epistimon	2008 - 2013
MT MALTA01	University of Malta	2008 - 2013
HU BUDAPES01	Eötvös Loránd Tudományegyetem	2008 - 2013
CZ PRAHA07	Charles University in Prague	2008 - 2013
RO BUCURES06	Universitatea din Bucuresti	2008 - 2013
TR ANKARA03	Hacettepe Üniversitesi	2008 - 2013
F CORTE01	Université de Corse Pascal Paoli	2008 - 2013
IS REYKJAV01	University of Iceland	2008 - 2013
I CAGLIARI01	Università Degli Studi di Cagliari	2008 - 2013
P Acores01	Universidade dos Açores	2008 - 2013
F PARIS003	Université Sorbonne Nouvelle	2008 - 2013
F AVIGNON01	Université d'Avignon	2008 - 2013
I PALERMO01	Università Degli Studi di Palermo	2008 - 2013
SF HELSINKI01	Helsinki Yliopisto	2008 - 2013
I BOLOGNA01	Università di Bologna	2008 - 2013

Ademais, aceptaranse peticións de mobilidade a outra institución non española, non incluída na listaxe anterior, sempre que exista con ela intercambio de estudantes e sempre que o solicitante contacte con ela e presente xustificación de que dita institución acepta a súa visita.

5 - Requisitos:

- Formar parte da nómina da Universidade de Santiago de Compostela.
- Demostrar coñecemento do idioma do país de destino ou, no seu defecto, coñecementos de inglés. Dito coñecemento acreditarase documentalmente ou, en caso necesario, por medio dunha entrevista concertada pola Comisión de Selección.
- O candidato deberá achegar xunto coa súa solicitude (anexo I) un programa de traballo (anexo II) que vaia desenvolver na Universidade de acollida. Dito programa deberá estar aprobado tanto pola institución de orixe coma pola de acollida antes de iniciar a mobilidade.

Serán válidas as autorizacións da Universidade de destino por medio do correo electrónico ou fax. Para os efectos de aprobación entenderase como suficiente a sinatura do representante de Relacións Internacionais da Universidade de destino. Pola banda da USC, a autorización definitiva correspóndelle ao Coordinador Institucional da USC.

Aquelas solicitudes que non cumpran estes requisitos consideraranse automaticamente rexeitadas.

6 - Procedemento de solicitude:

As solicitudes dirixiranse ao Servizo de Relacións Exteriores da USC mediante formulario normalizado (anexo I), incluíndo o plan de traballo proposto (anexo II). Dito plan de traballo deberá ter o visto e prace do Xefe de Servizo ou Departamento correspondente.

O prazo de presentación de solicitudes será de 1 mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria.

A presentación das solicitudes farase no Rexistro Xeral da USC, situado na Reitoría da USC (Colexio de San Xerome. Praza do Obradoiro s/n, Santiago de Compostela) e no Rexistro do Campus de Lugo, situado no edificio de Servizos Administrativos da Biblioteca Intercentros (Avda. de Bernardino Pardo Ouro s/n, Lugo). Tamén poderán presentarse nas formas e lugares establecidos na lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

7 - Admitidos e excluídos:

Dentro dos 30 días seguintes despois de finalizado o prazo de presentación de solicitudes e antes da súa valoración, publicarase no taboleiro de anuncios da Reitoría e da Vicerreitoría de Coordinación e Planificación do Campus de Lugo, así como na páxina web da USC Internacional, (http://www.usc.es/gl/goberno/vrrelins/portal_internacional/erasmus.html) a relación de aspirantes admitidos e excluídos.

Para emendar os defectos da publicación anterior os aspirantes non admitidos e excluídos poderán xustificar o seu dereito a ser admitidos, no prazo de 10 días, contados a partir do día seguinte á publicación, quedando excluídos definitivamente de non facelo.

8 - Selección:

A selección dos solicitantes levarase a cabo por unha comisión configurada para tal efecto, formada polo Reitor ou persoa en quen delegue, o Director da Oficina de Relacións Exteriores e un representante da Xerencia da USC.

Esta comisión terá como prioridade para a concesión da axuda os seguintes criterios:

- O beneficio que dita aprendizaxe reverta no seu Departamento ou Servizo
- A calidade dos Programas de Traballo que se presenten
- O nivel de coñecemento do idioma requirido

9 - Concesión e publicación das axudas:

Unha vez realizado o proceso de selección, farase pública a listaxe de seleccionados e a de candidatos en lista de agarda no taboleiro de anuncios da Reitoría e da Vicerreitoría

de Coordinación e Planificación do Campus de Lugo, así como na páxina web da USC Internacional (http://www.usc.es/gl/goberno/vrrelins/portal_internacional/erasmus.html)

10 – Contía das axudas:

A axuda financeira é unha contribución para cubrir os gastos de desprazamento, aloxamento e manutención durante o período de realización da formación no país europeo, entendendo que unha semana equivale a 5 días laborais completos.

Para a duración máxima (5 días lectivos ou formativos) a contribución máxima comunitaria é de 650 € que se distribúen da seguinte maneira:

- Viaxe: 150 € máximo
- Axuda de custo diaria: 100 € máximo

No se pagan axudas de custo os días de viaxe nin os festivos.

Os gastos de manutención e aloxamento calcúlanse sobre a base das axudas de custo diarias legalmente establecidas para o país de destino, e os de desprazamento de acordo cos gastos reais, axustándose ao importe máximo establecido.

A duración máxima financiada é de 5 días lectivos ou formativos completos. No programa que se desenvolva, débese demostrar que se realizaron actividades relacionadas con esta mobilidade e especificar os días completos de formación.

O beneficiario poderá solicitar o 50% da axuda en concepto de Comisión de Servizo antes da súa partida, recibindo o restante 50% unha vez realizada e xustificada a actividade.

Como trámite previo, o candidato seleccionado deberá asinar un contrato específico de cláusulas mínimas coa USC (anexo V).

11 - Xustificación da estancia:

Os beneficiarios deberán presentar a seguinte documentación, no prazo máximo dun mes contado a partir da finalización da mobilidade:

- Un informe (ver anexo III) sobre os principais resultados obtidos.
- Un certificado expedido pola institución de acollida xustificativo de que se levaron a cabo actividades relacionadas coa mobilidade durante o período de estancia (anexo IV).
- Documentos xustificativos dos gastos de desprazamento (en tren ou avión ao país de destino, así como de desprazamento en transportes públicos no devandito país se os houber, no caso de desprazamento en vehículo propio aboarase a quilometraxe).

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interperse recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela ou Lugo no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade cos artigos 46 e 8.2.a) da Lei da Xurisdición Contencioso Administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante, as/os interesadas/os poderán interpor recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpor o recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 116 e ss. da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2011
Por delegación R.R. 01/08/2011 (DOG 18/08/2011)
O Vicerreitor de Relacións Exteriores e Internacionalización



Víctor Millet Schröder

**ANEXO I
PROGRAMA ERASMUS
MOBILIDADE P.A.S.**

**SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN
CURSO 2011-2012**

DATOS PERSOAIS					
APELIDOS E NOME				NIF	
LABORAL <input type="checkbox"/>	Fixo <input type="checkbox"/> Contratado <input type="checkbox"/>	Categoría Profesional			
FUNCIONARIO <input type="checkbox"/>	Carreira <input type="checkbox"/> Interino <input type="checkbox"/>	Corpo/Escala			
ANTIGÜIDADE NA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO				/ /	
UNIDADE ADMINISTRATIVA					
CENTRO DE TRABALLO					
POSTO DE TRABALLO QUE OCUPA					
Coñecemento de idiomas (especifique)					
Teléfono		Móbil		e-mail	
Destino que solicita					
Nome Universidade					
Departamento					
Idioma que acredita				Data prevista partida	

Santiago de Compostela, de 2011

Sinatura do/a solicitante

Visto bo do Xefe de Servizo ou equivalente

ANEXO II
LLP-ERASMUS PROGRAMME
INDIVIDUAL PROGRAMME FOR ADMINISTRATIVE STAFF MOBILITY
ACADEMIC YEAR 2011/ 2012

Name and Erasmus code of the home institution	University of Santiago de Compostela, E SANTIAGO01		
Department/Section/Service			
Beneficiary's forename and surname			
Name and Erasmus code of the host Institution/			
Department/Section/Service			
Name of the contact person at the host institution			
Number of services/sections/departments involved at the host institution		Working timetable	
Arrival date		Departure date	
Objectives of the mobility			
Added value expected from the mobility / expected results (for the host institution, for the staff member carrying out the assignment, for the home institution)			

.....
Place and date

.....
Signature of the Beneficiary

Approval of the programme

Name and status of the official representative of host institution

Signature

Stamp of the host institution

Place and date